



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada (A Coruña)  
Tfno.: 981 62 00 75  
Fax: 981 62 12 74  
<https://sede.sada.gal>

exp. 2020/G010/000017

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E TELEMÁTICA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 14 DE DECEMBRO DO 2020.

Sesión 15/2020-P

<p style="text-align: center;"><b><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></b></p> <p style="text-align: center;"><b><u>PRESIDENTE</u></b></p> <p>D. Óscar Benito Portela Fernández</p> <p style="text-align: center;"><b><u>CONCELLEIROS</u></b></p> <p>D<sup>a</sup> María Pilar Taibo Fernández D. Xosé Fernando Fariña Andrade D<sup>a</sup> Rebeca Mouriño Neira D<sup>a</sup> Ana Paola Mondaca González D. María Luisa Rúa Prieto D<sup>a</sup> María Soraya Salorio Porral D<sup>a</sup> María José García Freire D. José Luis Tellado Villares D. José Luis García Pazos D. Alberto Manuel García Coteló D<sup>a</sup> María Pardo Fafián D. Ramiro Blanco Montero D<sup>a</sup> Isabel Reimúndez Suárez D<sup>a</sup> Laura Rodríguez Pena D<sup>a</sup> María Nogareda Marzoa D. Breogán Blanco González</p> <p style="text-align: center;"><b><u>INTERVENTOR</u></b></p> <p>D. Jaime Presas Beneyto</p> <p style="text-align: center;"><b><u>SECRETARIO ACCIDENTAL</u></b></p> <p>D. Juan Esteban Méndez Leiva</p>	<p>No territorio español, sendo as 20.00 horas do día venres 14 de decembro do 2020, baixo a presidencia do sr. Alcalde, D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido polo secretario accidental da Corporación, D. Juan Esteban Méndez Leiva, quen dá fe do acto, reúnense por vídeo-conferencia a través da aplicación Zoom os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión extraordinaria e telemática prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte Orde do Día.</p>
--	---

### **ORDE DO DÍA:**

Abre a sesión o Presidente, dando a benvida a todas e a todos a este Pleno Ordinario e Telemático do Concello de Sada, e cédelle a palabra ao Secretario Accidental, quen pregunta para os efectos do art. 46.3 da Lei 7/1985 se hai algún concelleiro que se atope fóra do territorio nacional sen que ninguén conteste en sentido afirmativo, polo que queda validamente constituído o Pleno.

**1º.- ADHESIÓN AO CONVENIO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEGAMP PARA A TRAMITACIÓN DOS PROCEDIMENTOS SANCIONADORES COMPETENCIA DOS CONCELLOS DE GALICIA, EN RELACIÓN CO INCUMPRIMENTO DAS MEDIDAS DE PREVENCIÓN APROBADAS PARA A LOITA CONTRA O COVID-19.**

Consta no expediente a Proposta da Alcaldía do 09/12/2020, que recolle:



**<<Adhesión ao Convenio entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para a tramitación dos procedementos sancionadores competencia dos concellos de Galicia, en relación co incumprimento das medidas de prevención aprobadas para a loita contra a COVID-19.**

Vista a intención deste Goberno Municipal de adherirse ao Convenio entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para a tramitación dos procedementos sancionadores competencia dos concellos de Galicia, en relación co incumprimento das medidas de prevención aprobadas para a loita contra a COVID-19.

Considerando o disposto no artigo 47.2 h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, en relación co previsto no artigo 64.2 i) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Por todo o anterior, veño en PROPOÑER a adopción do seguinte acordo:

1º.- Adherirse ao Convenio entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para a tramitación dos procedementos sancionadores competencia dos concellos de Galicia, en relación co incumprimento das medidas de prevención aprobadas para a loita contra a COVID-19.

2º.- Facultar ao sr. Alcalde-Presidente para a sinatura de cantos documentos sexan precisos. Non obstante, o Pleno do Concello acordará o que estime máis conveniente>>.

O sr. Alcalde comeza dicindo que este asunto foi a razón pola cal hoxe se convocou o Pleno, porque o prazo remataba mañá, pero hoxe se recibiu unha comunicación da Xunta de Galicia de que o prazo remata o día 30 de decembro, cando o Pleno xa estaba convocado, tratándose da axuda na tramitación pola Xunta de Galicia, para acadar unha tramitación homoxénea, e porque supón unha carga de traballo bastante importante e ser o máis ecuánimes posibles.

A sra. Pardo Fafián comenta que votarán a favor porque o consideran un bo convenio.

O sr. García Cotelo sinala que a Xunta e a Fegamp asinaron un convenio para tramitar as denuncias por incumprimento polo covid, e se trata dunha adhesión voluntaria, mediante unha cesión temporal de competencias á Xunta de Galicia, e pregunta se esa cesión está motivada polo número de denuncias, cantas houbo, e se lles constan tres denuncias, houbo un incremento ou o concello é incapaz de xestionar esas tres denuncias, o falta vontade política para sancionar e prefiren que outros, a Xunta de Galicia, e anuncia o seu voto a favor.

O sr. Alcalde matiza que a ampliación de prazo vén motivada porque foi remitida o 1 decembro aos concellos, de ahí que incrementasen o prazo, e descoñece o número exacto de propostas de sancións, pero só da Garda Civil lles chegaron este luns un cento.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.-** Adherirse ao Convenio entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para a tramitación dos procedementos sancionadores competencia dos concellos de Galicia, en relación co incumprimento das medidas de prevención aprobadas para a loita contra a COVID-19.

**Segundo.-** Facultar ao sr. Alcalde-Presidente para a sinatura de cantos documentos sexan precisos. Non obstante, o Pleno do Concello acordará o que estime máis conveniente.

**2º.- RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR CONTRA ACORDO PLENARIO DO 20/07/2020 (EDIFICIO “NÁUTICO”).**

Consta no expediente a Proposta da Alcaldía do 10/12/2020, que recolle:

<<**Resolución do recurso de reposición contra o acordo plenario do 20/07/2020, derrubo da cafetería “Náutico”.**

Visto o acordo da sesión plenaria extraordinaria do 20/07/2020, que literalmente sinala (expediente TEdC2020/G010/000007):



*“Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte ACORDO:*

*O bordo litoral de Sada precisa de reordenación, acondicionamento e accesibilidade, a posta en valor para unha mellor integración litoral-espazo urbanizado, e unha recuperación dos valores ambientais e paisaxísticos, polo que é necesaria a redacción dun estudio de detalle de todo o bordo litoral.*

*Unha vez se proceda á demolición do actual edificio do Náutico, determinar, no marco dese estudio de detalle, cos procedementos de información e participación pública, os usos da parcela, incluídos, no seu caso, os complementarios ás dotacións que poidan localizarse no ámbito. Asemade, estudarase a viabilidade urbanística e económica da execución dunha área de piscinas descubertas no ámbito do actual sistema xeral de espazo libre”.*

*Visto o escrito presentado o 18/08/2020 (registro de entrada número 202099900002231), a modo de recurso de reposición por D<sup>a</sup>. María Soraya Salorio Porral, polo que se impugna o acordo “tomado en el Pleno celebrado el 20 de julio de 2020 al contener justificaciones falsas y las previsiones de actuaciones contrarias al ordenamiento jurídico. En el caso de que no se declare la nulidad de dicho acuerdo, nos reservamos la posibilidad de acudir a la jurisdicción Contencioso-administrativa” (TEDeC 2020/Q002/000006). Máis recentemente, consta escrito presentado o 17/11/2020 (registro de entrada número 202099900003926) por D<sup>a</sup>. María Soraya Salorio Porral, polo que solicita “acceso y copia del expediente que contenga las actuaciones llevadas a cabo con motivo de nuestra iniciativa que impugna los acuerdos del pleno de 20 de julio (TEDeC 2020/X005/000149). Considerando o informe do Técnico de Administración Xeral de Urbanismo e Medio Ambiente de 7 de decembro de 2020.*

*Por todo o anterior, veño en PROPOÑER a adopción do seguinte acordo:*

*1º.- Desestimar o recurso de reposición interposto o 18/08/2020 (registro de entrada número 202099900002231) por D<sup>a</sup>. María Soraya Salorio Porral contra o acordo do 20 de xullo de 2020.*

*2º.- Notificar este acordo aos que resulten interesados. Non obstante, o Pleno do Concello acordará o que estime máis conveniente>>.*

O sr. Alcalde comeza sinalando que o informe do secretario accidental desta mesma mañá, ás 14:04 horas, que di:

*“Por todo o anterior (incumprimento do prazo coa entrega o sábado do informe do Arquitecto), procede deixar este expediente enriba da Mesa, porque calquera acordo que se adopte adoece de nulidade de pleno dereito por non cumprirse o procedemento legalmente establecido e non terlle facilitado en tempo e forma a documentación aos membros da Corporación Municipal”.*

O sr. Alcalde anuncia que este expediente virá a un vindeiro Pleno.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: 5 (5 PP).
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO:**

Deixar enriba da Mesa o recurso de reposición interposto o 18/08/2020 (registro de entrada número 202099900002231) por D<sup>a</sup>. María Soraya Salorio Porral contra o acordo do 20/07/2020.

### **3º.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 32/20. CRÉDITO EXTRAORDINARIO 03/20: EXECUCIÓN SENTENZA PA 23/2019 XCA NÚM. 3 DA CORUÑA.**

Consta no expediente a Proposta da Alcaldía do 09/12/2020, que recolle:

**<<Resolución das reclamacións presentadas contra a aprobación inicial da modificación de crédito 32/2020 e aprobación definitiva.**

*En sesión celebrada polo Pleno da Corporación o pasado 29 de outubro aprobouse inicialmente a modificación de crédito 32/2020, crédito extraordinario 03/2020.*

*O artigo 177 do TRLRFL establece que os expedientes de crédito extraordinario están sometidos ás normas sobre información, reclamacións e publicidade previstas no artigo 169 e seguintes da dita normativa. É por iso que as mencións realizadas nesos preceptos ao orzamento deben entenderse aplicables aos expedientes de crédito extraordinario. O artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por R.D. Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, establece que:*

*“aprobado inicialmente o orzamento xeral, exporase ao público, previo anuncio no BOP ou, no seu caso, da comunidade autónoma uniprovincial, por quince días, durante os que os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno. O orzamento considerárase definitivamente aprobado si durante o dito prazo non se tiveran presentado reclamacións; en caso contrario, o Pleno*



disporá de un prazo de un mes para resolvelas”

A aprobación inicial das modificacións de crédito é un acto de trámite no procedemento de modificación dunha disposición de carácter xeral, e polo tanto non caben máis reclamacións na vía administrativa que as previstas expresamente no artigo 170 do TRLRFL. No caso de que as reclamacións presentadas non versen sobre algunha das causas tasadas debe acordarse a inadmisión mediante acordo do Pleno, sen perxuízo do dereito á presentación do recurso contencioso-administrativo regulado no artigo 171 do propio TRLRFL.

Considerando a seguinte reclamación presentada durante o período de exposición pública contra a modificación de crédito 32/2020:

1. Unión Sindical Obreira (registro de entrada 202099900004099 do 25.11.2020)

Visto informe da intervención municipal, esta alcaldía propón:

**Primeiro.-** Inadmitir, con base nas motivacións contidas no informe da intervención municipalJPB308/2020, as reclamacións presentadas contra a aprobación inicial da modificación de crédito32/2020 acordada en sesión do Pleno da Corporación celebrada o pasado 29 de outubro de 2020:

1. Unión Sindical Obreira (registro de entrada 202099900004099 do 25.11.2020)

**Segundo.-** Aprobar definitivamente a modificación de crédito 32/2020 aprobada inicialmente en sesión celebrada polo Pleno da Corporación o pasado 29 de outubro.

**Terceiro.-** Notificar o presente acordo aos interesados que presentaron reclamacións anexando o informe que motiva o mesmo.

**Cuarto.-** Publicar o contido da presente modificación, resumida por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello >>.

A sra. Taibo Fernández sinala que na sesión plenaria do 29/10/2020 aprobouse inicialmente a MC 32/2020 destinada a aboar a sentenza do xulgado contencioso-administrativo, existindo unha reclamación de USO, da que se propón unha inadmisión.

A sra. Pardo Fafián sinala que o seu grupo xa tivera votado a favor e agora fará o mesmo.

A sra. García Freire insisten en que deben rematar este asunto, porque canto máis tempo pasa máis intereses, máis costas, pasando de 1.100.000 euros a 1.600.000 euros, falando de que é preciso evitar a indolencia, a lentitude e a ineficacia administrativa, e de valoración desproporcionada, e critica o plan de pagamentos no que non se contemplan os intereses, polo que anuncia que o seu grupo se absterá.

O sr. Alcalde quere matizar o plan de pagamentos contemplaba a totalidade dos intereses, que ten que ser validado polo xulgado, e paralelamente estase a levar unha negociación cos reclamantes, engadindo que se se trata de un grande esforzo, e non renuncian á revisión de oficio.

A sra. García Freire replícalle que os intereses están contemplados só ata decembro 2020, polo cal non están calculados todos os intereses.

O sr. Alcalde dille que os intereses de case 450.000 euros se corresponden a 11 anos.

A sra. García Freire está de acordo con que os intereses se corresponden a 11 anos.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: 5 (5 PP).

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.-** Inadmitir, con base nas motivacións contidas no informe da intervención municipalJPB308/2020, as reclamacións presentadas contra a aprobación inicial da modificación de crédito32/2020 acordada en sesión do Pleno da Corporación celebrada o pasado 29 de outubro de 2020:

1. Unión Sindical Obreira (registro de entrada 202099900004099 do 25.11.2020)

**Segundo.-** Aprobar definitivamente a modificación de crédito 32/2020 aprobada inicialmente en sesión celebrada polo Pleno da Corporación o pasado 29 de outubro.

**Terceiro.-** Notificar o presente acordo aos interesados que presentaron reclamacións anexando o informe que



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada (A Coruña)  
Tfno.: 981 62 00 75  
Fax: 981 62 12 74  
<https://sede.sada.gal>

exp. 2020/G010/000017

---

motiva o mesmo.

**Cuarto.-** Publicar o contido da presente modificación, resumida por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.

O contido íntegro das intervencións atópase recollido nun formato de arquivo audiovisual asinado electronicamente, ao que pode accederse pola ligazón reflectida ao remate desta acta, á que está unido e forma parte do expediente da sesión.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 20 horas e 20 minutos do día luns 14 de decembro do 2020, do que como secretario accidental dou fe e certifico, asinando dixitalmente a presente acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unida o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

[https://sede.sada.gal/gl/portal\\_transparencia/Relevancia\\_Juridica/Normativa/Normativa.html](https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html)